Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

**CATEGORÍAS RELACIONADAS**

## *Lenda da cova dos mouros de Muradal*

Cóntase que antigamente uns mouros vivían na cova de Muradal, monte situado na parroquia de Piñeira, concello da Fonsagrada (Lugo). Vivían agochados na devandita cova e subsistían roubando vacas, ovellas e demais gando aos pastores dos arredores, cando estes levaban o gando pacer ao monte.

Un día secuestraron a unha rapaza do Mido, vila situada na mesma parroquia de Piñeira. Os mouros non lle permitían saír da cova. Tivérona moito tempo encerrada e chegaron a ter 7 fillos con ela.

Co paso do tempo, pouco a pouco, foi gañando a súa confianza e comezaron a deixarlle saír da cova para lavar a roupa.

Entón, a moza empezou a cantar, mentras lavaba a roupa, para que a oíse a súa familia e a fosen rescatar. A cántiga dicía así:

«*Camaradiñas do Val de Piñeira, siete ladrones me tienen aquí, comiendo y bebiendo a costa de mí*»

Por fin, un día a súa familia escoitou as súas cántigas e acudiron na súa procura, sendo rescatada do seu cativerio.

Texto que nos remite Cristina Fernández Fernández, de Gulpilleiras, Piñeira (A Fonsagrada). Maio de 2020.

**Nota**: Véxase a relación coa lenda "As Covas de Castañedo"